



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria de Ourense
Verín e O Barco de Valdeorras



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

HUMANIZACIÓN



SEGUNDA CONVOCATORIA ÁS MELLORES IDEAS E INICIATIVAS DE HUMANIZACIÓN NA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS PARA PROFESIONAIS



BASES

A Xerencia da área Sanitaria de Ourense, Verín e ou Barco de Valdeorras promove, baixo o patrocinio de AstraZeneca, a Segunda Convocatoria do Concurso á mellor idea e iniciativa de humanización para profesionais na área sanitaria de Ourense.

Este concurso de ideas, proxectos e iniciativas ten como obxectivo o impulso e apoio das mellores ideas de humanización en coidados, atención e experiencia de pacientes e familiares en contacto co sistema sanitario na área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

PARTICIPANTES

Poderá participar na presente convocatoria: Calquera profesional sanitario e non sanitario da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

A participación poderá ser individual ou en equipos de máximo 6 persoas, colaborativa, con propostas agregadas de varias asociacións.

Non existe límite de ideas a presentar por unha persoa ou equipo.

PRESENTACIÓN

As ideas e proxectos presentados deberán remitirse á seguinte dirección de correo electrónico:

premio.humanizacion.ourense@sergas.es
acompañados dunha memoria explicativa e o formulario de inscrición debidamente cumprimentados que atopará na intranet. O prazo de presentación finaliza o 30 de setembro de 2021.

CRITERIOS AVALIACIÓN

Os criterios que se empregarán á hora de avaliar os proxectos son os seguintes:

Alcance: poboación obxectivo.

Impacto: que beneficios se esperan acadar con este proxecto, importancia da necesidade a cubrir.

Factibilidade: recursos necesarios para a execución do proxecto.

Sostenibilidade: capacidade de desenvolvemento, continuidade e escalabilidade do proxecto.

Orixinalidade: innovación que representa.

Ética: a proposta non presenta conflitos éticos.

Todos os proxectos presentados serán avaliados por un xurado definido a tal fin que efectuará unha selección das mellores propostas para a súa presentación e defensa en acto público.

O xurado estará composto por representantes do Servizo Galego de Saúde, da Xerencia da Área Sanitaria e de AstraZeneca, e será o encargado de valorar cada unha das propostas e determinar finalmente a gañadora.

MEMORIA

A Memoria explicativa do proxecto deberá ter unha extensión máxima de 20 páxinas (incluídas imaxes, índice, etc) e estar estruturada segundo os seguintes apartados:

Contexto/xustificación:

Estado da cuestión para abordar, formulación da necesidade atopada e da súa importancia.

Obxectivos:

Presentar o obxectivo do proxecto.

Metodoloxía:

A poboación obxectivo do proxecto (quen se beneficiará do mesmo). O alcance e beneficios esperados. Plan de traballo necesario para levar a cabo o proxecto. Debe ser realista, factible e adecuado ás necesidades e funcionamento do contexto no que se formula.

Avaliación:

Definición dos resultados que se espera alcanzar.

RECOÑECEMENTO

Proxecto gañador:

O proxecto ou idea que resulte gañador será recoñecido con 3.000 euros.

Protección de datos persoais:

Os datos persoais únicamente se recollerán e tratarán para xestionar a súa participación no concurso, unha vez finalizado o mesmo a información será eliminada. En ningún caso cederanse datos a terceiros.

Dereitos sobre os proxectos presentados:

Os profesionais terán dereito a ser recoñecidos como autoras intelectuais e impulsoras das iniciativas presentadas.

Aceptación das bases:

Ao inscribirse no concurso os participantes declaran que os seus datos identificativos e de contacto son correctos. Asemade, a participación no presente concurso supón a aceptación das bases definidas.

PATROCINA

Fundación

AstraZeneca

